



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE POLA QUE SE CONVOCA UNHA PROBA SELECTIVA DE CARÁCTER TEÓRICO PARA A COBERTURA DE 14 POSTOS DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN, MEDIANTE NOMEAMENTO TEMPORAL DE SUBSTITUCIÓN E INTERINIDADE EN PRAZA VACANTE.

De conformidade co establecido no criterio de selección II.3.5 do Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema público de saúde de Galicia (Diario Oficial de Galicia núm. 123, do 30 de xuño de 2016), en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 145/2024, do 20 de maio (Diario Oficial de Galicia núm. 101, do 27 de maio), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Orde do 22 de abril de 2020 (Diario Oficial de Galicia núm. 82, do 29 de abril) de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, modificada pola Orde do 13 de maio de 2022 (Diario Oficial de Galicia núm. 102, do 30 de maio), e o Decreto 134/2019, do 10 de outubro (Diario Oficial de Galicia núm. 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica

RESOLVE

Convocar unha proba de carácter teórico para a cobertura de varios postos na categoría de técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información. O proceso de selección realizarase de conformidade coas seguintes

BASES

1. Obxecto da convocatoria:

O obxecto da presente convocatoria é a realización dunha proba de carácter teórico que garanta a aptitude das persoas profesionais para o desenvolvemento dos postos de traballo na categoría de *técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información*.

Ofertaranse os seguintes postos de traballo:



Categoría	Área sanitaria	Lugar do posto de traballo	Tipo de nomeamento
Técnico/a Superior en Sistemas e Tecnoloxías da Información	A Coruña e Cee	Orde de servizo na Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información – Santiago	1 Praza Interina en Praza Vacante
Técnico/a Superior en Sistemas e Tecnoloxías da Información	Vigo	Orde de servizo na Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información – Santiago	1 Substitución longa duración
Técnico/a Superior en Sistemas e Tecnoloxías da Información	Santiago e A Barbanza	Orde de servizo na Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información – Santiago	2 Substitucións longa duración
Técnico/a Superior en Sistemas e Tecnoloxías da Información	Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Orde de servizo na Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información – Santiago	1 Praza Interina en Praza Vacante
Técnico/a Superior en Sistemas e Tecnoloxías da Información	Pontevedra e O Salnés	Pontevedra	1 Praza Interina en Praza Vacante
Técnico/a Superior en Sistemas e Tecnoloxías da Información	Ferrol	Ferrol	1 Praza Interina en Praza Vacante 1 Praza Interina en Praza Vacante
Técnico/a Superior en Sistemas e Tecnoloxías da Información	Santiago e A Barbanza	Santiago de Compostela	3 Substitucións longa duración
Técnico/a Superior en Sistemas e Tecnoloxías da Información	Ourense, Verín e O Barco	Ourense	2 Prazas Interinas en Praza Vacante
Técnico/a Superior en Sistemas e Tecnoloxías da Información	A Coruña e Cee	A Coruña	1 Substitución longa duración

2. Funcións do posto de traballo:



A necesidade da realización da proba xustifícase na especialización do posto de traballo e a necesidade de realización das funcións seguintes:

Funcións de Técnico/a Superior en Sistemas e Tecnoloxías da información

O artigo 4 do Decreto 291/2001, do 8 de novembro, polo que se configuran as categorías de técnicos superiores de sistemas e tecnoloxías da información, técnicos de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e técnicos especialistas en sistemas e tecnoloxías de información (Diario Oficial de Galicia núm. 224 do 20 de novembro) recolle as funcións que desenvolverán os/as técnicos/as de xestión de sistemas e tecnoloxías da información.

Entre elas inclúense:

- a) A elaboración dos plans de necesidades de tecnoloxías da información e dos protocolos e procedementos de actuación.
- b) Actuar como responsables da implantación de novas tecnoloxías de acordo coas directrices ditadas polos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde.
- c) Dirixir os proxectos de desenvolvemento e mantemento das aplicacións.
- d) Responsabilizarse das auditorías informáticas, do control de calidade e da seguridade informática.
- e) Aqueloutras que se lle encomenden en relación coas anteriores, ou que sen estar directamente relacionadas teñan contido material ou funcional de índole informática propias do grupo de clasificación da súa categoría. Entre estas últimas estarán:
 - A coordinación de proxectos TIC.
 - O seguimento dos proxectos TIC.
 - O seguimento da execución dos contratos TIC.
 - A elaboración das prescricións técnicas que rexen os contratos TIC.

3. Aspirantes:

Terán a condición de aspirantes as persoas solicitantes que figuren inscritas nas listaxes da categoría de *técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información* feitas ao amparo do establecido no Pacto de selección de persoal estatutario temporal do Sistema público de Saúde de Galicia.



Na categoría de técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información realizarase un primeiro chamamento que incluírá todos/as os/as solicitantes da quenda de acceso libre dispoñibles e inscritos/as na data de publicación desta convocatoria, xunto coas persoas solicitantes dispoñibles na mesma data na quenda de promoción interna, consonte a prelación de ambas as dúas quendas na lista xeral.

Do anterior chamamento estarán exentas todas aquelas persoas solicitantes que cumprindo o sinalado nos dous parágrafos anteriores, resultasen aptas polo menos nunha fase de oposición dun dos dous últimos procesos selectivos da categoría (*convocados pola Resolución do 18 de xuño de 2021, publicada no Diario Oficial de Galicia do 5 de xullo; e pola Resolución do 14 de decembro de 2022 publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 3 do 4 de xaneiro do 2023*).

4. Notificación ás persoas aspirantes:

Segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (Diario Oficial de Galicia núm. 236 do 2 de outubro), a realización da proba obxecto da presente resolución notificarase as persoas que cumpran os requisitos da base número 3 **por medios electrónicos (Notifica.gal)**, coa indicación da data, hora e lugar de celebración da proba, así como unha sucinta referencia do seu contido.

Enténdese que desisten da vontade de participar aquelas persoas aspirantes que non se presenten a realizar a proba no día e hora sinalados, non sendo penalizadas por tal motivo.

5. Contido da proba:

A proba consistirá na realización dun cuestionario tipo test con 50 preguntas relacionadas coas funcións do posto a desenvolver. Cada pregunta contará con catro respostas alternativas, pero só unha resposta será a correcta. Haberá 6 preguntas de reserva.

A puntuación por cada resposta correcta será de 1 punto. Cada resposta incorrecta será penalizada con 0,25 puntos.

O tempo máximo para completar a proba será de 90 minutos.

A cualificación final da proba será de apta/o ou non apta/o. Para ser considerados aptas/os, as persoas aspirantes deberán conseguir unha puntuación mínima de 25 puntos na proba.

Finalizada a proba, entregaráselles as persoas aspirantes copia da súa folla de respostas. A folla coas respostas correctas colgarase na páxina web do Servizo Galego de Saúde.





A relación de aptos/as ou non aptos/as publicarase dentro dos cinco días hábiles seguintes á realización da proba na páxina web do Servizo Galego de Saúde, abríndose un prazo de tres días hábiles para formular posibles impugnacións. Transcorrido este prazo, publicarase a lista definitiva de persoas aptas e non aptas, entendéndose admitidas ou denegadas as impugnacións por medio da publicación da listaxe definitiva.

Temario Técnico/a Superior en Sistemas e Tecnoloxías da información.

Será de aplicación a esta proba o temario xeral que se recolle na Resolución do 18 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información (Diario Oficial de Galicia núm. 126 do 18 de xuño):

- Gobernanza das TIC. Planificación, dirección e control das TIC.
- Xestión estratéxica das TIC. Ferramentas de planificación e control: cadros de mando integral (balanced scorecards), mapas estratéxicos, xestión de coñecementos e innovación.
- Xestión de proxectos. Planificación do proxecto. Xestión do alcance. Xestión do custo. Orzamentos. Xestión do tempo. Técnicas de planificación. Xestión da calidade. Plan de calidade. Xestión de Recursos Humanos. Capacidades do xefe de proxecto. Xestión das comunicacións. Xestión do risco. Continxencias. Xestión da subcontratación e adquisicións. PMBOK e metodoloxías de xestión de proxectos.
- Sistemas de xestión de calidade. Normalización e certificación. EFQM. Serie ISO 9000.
- A biblioteca de infraestrutura TI (ITIL.v4). Implementación e configuración de ferramentas de xestión de Helpdesk baseadas en ITIL.
- Auditoría e control de sistemas de información. Marco xeral. Metodoloxía. Auditoría dos grandes sistemas informáticos. Auditoría da informática persoal e as redes de área local.
- Leis e normativa básica que constitúen as bases do desenvolvemento da materia de Administración electrónica en España e Galicia: Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Lei 40/2015, do 2 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia. Esquema nacional de seguridade no ámbito da Administración electrónica. Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.
- Normativa no ámbito da propiedade intelectual. A protección xurídica dos programas de computador. Tipos de licenzas. Software de fontes abertas (FLOSS).





- Normativa sobre protección de datos.
- A contratación de servizos e de subministracións informáticas no marco da Administración pública. Fundamentos sobre a compra pública innovadora.
- Sistemas de información clínica e para a saúde pública. Telemonitorización. Historia clínica e receita electrónica. Imaxe dixital e sistemas de arquivo DICOM-PACS.
- Sistemas CRM (Customer Relationship Management) e ERP (Enterprise Resource Planning). A informatización dos procedementos. BPM (Business Process Management). Sistemas de xestión documental.
- Sistemas de intelixencia de negocio (business intelligence): Datawarehouse. Data Marts. Arquitectura. Análise multidimensional e arquitecturas OLAP/ROLAP/MOLAP/HOLAP. Minería de datos.
- Big Data. Arquitectura, implementacións: hadoop, cassandra. Ferramentas de procesado e explotación de información non estruturada. Datos abertos (OpenData).
- Interoperabilidade na contorna sanitaria. Estándares tecnolóxicos no ámbito sanitario: DICOM, HL7, CDA, IHE, CEN TC/251, AEN/CTN 139, IEEE Continua alliance. Implementación de mensaxería HL7 sobre buses de integración.
- Arquitecturas de aplicacións nas plataformas. NET e JEE e PHP. e frameworks para ou desenvolvemento das mesmas. Tecnoloxías XML e linguaxes de script.
- Buses de integración. Implementación de canles de integración.
- Enxeñería do software. Proceso software, modelos de proceso software. Ciclos de vida. Modelos de ciclo de vida. Fases do ciclo de vida. Modelos de desenvolvemento.
- Metodoloxías de desenvolvemento de sistemas de información. Métrica 3. RUP. Metodoloxías áxiles. Integración continua.
- Enxeñería de requisitos: especificación, verificación, validación, xestión do cambio.
- Métodos de proba do software. Fundamentos. Caixa negra e caixa branca. Estratexias e tipos de proba do software. Ferramentas para a xestión e automatización das probas.
- Modelos de calidade. Enxeñería de procesos de software: CMMI, ISO 15504, ISO 9000-3. Modelos áxiles. Control de código fonte, construción automatizada, control da calidade do código.
- Sistemas de xestión da seguridade da información: normas da serie ISO 27.000. Centros de operacións de ciberseguridade (CERT/CSIRT).
- Seguridade en contornas de rede privados. Servizos de directorio. Xestión de identidades. Single sign-on. Acceso remoto. VPN. Técnicas de cifrado. Protección da seguridade nos diferentes elementos da infraestrutura TIC (servidores, posto cliente, equipos de comunicacións e outros).





- Conceptos de comunicacións. Arquitectura e protocolos de redes. Modelo OSI. Tecnoloxías de acceso, tecnoloxías de transporte e tecnoloxías sen fíos.
- Plataformas de protección: devasa de nova xeración, devasa de aplicacións web, protección ante ataques DDOS, IDS/IPS. Sistemas de xestión de eventos e información de seguridade (SIEM). Arquitectura de seguridade en redes. Elementos de seguridade para internet.
- Virtualización de servidores. Virtualización do almacenamento. Virtualización do posto cliente. Computación baseada en servidor (SBC). Grid Computing. Cloud computing. Hiperconvergencia. Green IT e eficiencia enerxética.
- Redundancia hardware. Alta dispoñibilidade a nivel de sistema operativo. Sistemas de agrupación industrial e abalo de carga. Alta dispoñibilidade en servidores de aplicacións e servidores de bases de datos. Alta dispoñibilidade a nivel de aplicación. Dispoñibilidade en contornas virtualizadas. Centros de protección xeográficos. Plans de continxencia.

6. Comisión de avaliación

Para os efectos da cualificación da proba como apto/a ou non apto/a, constituirase unha Comisión de avaliación cuxas funcións serán:

- A determinación e realización das preguntas.
- A corrección da proba realizada polos/as aspirantes.
- A publicación das listaxes de aptos/as e non aptos/as.
- A revisión das impugnacións e das reclamacións á puntuación acadada
- Elevar á Secretaría Xeral Técnica a relación definitiva de aptos/as e non aptos/as.

A composición da Comisión de Avaliación será a seguinte:

Presidente titular:

D. Javier Quiles del Rio (subdirector de Sistemas e Tecnoloxías da información da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza).

Presidente suplente:

D. Daniel Llamas Gómez (subdirector de Sistemas e Tecnoloxías da información da Área Sanitaria da Coruña e Cee).



Vogais titulares:

- D. Antonio Bueno Iglesias (xefe de Infraestruturas da Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade).
- D. Marcos Santos García (subdirector de Sistemas e Tecnoloxías da información da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés).

Vogais suplentes:

- D. Jorge Prado Casal (xefe do Servizo de Protección de Datos e Xestión do Servizo de Tecnoloxías da Información da Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade).
- D. Rodrigo Varela Gestoso (subdirector de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Área Sanitaria de Vigo).

Secretaria Titular:

D^a Nieves Fiel Paz (subdirectora xeral de Desenvolvemento Profesional e Sistemas da Información da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde).

Secretario Suplente:

D. Daniel Potel Villar (subdirector xeral de Selección de Persoal da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde).

7. Data, hora e lugar de celebración da proba

A proba terá lugar na data, hora e lugar que se indicará na notificación que se contempla na base número 4.

As persoas aspirantes serán citadas en chamamento único inmediatamente antes do comezo da proba e requiriráselle a efectos de identificación DNI ou pasaporte.

8. Nomeamentos

De acordo co disposto no Pacto de vinculacións temporais, a proba de aptitude terá unicamente a cualificación de apto/a ou non apto/a, sendo a continuación remitida á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde para os efectos do chamamento as persoas aspirantes cualificadas como aptas.





Convocarase ás persoas cualificadas como aptas na referida proba, así como aquelas persoas solicitantes exentas de realizala conforme á base número 3, a un acto único, iniciándose o chamamento pola persoa que acredite unha maior puntuación na lista xeral, a cal elixirá unha das prazas dispoñibles.

A aceptación do contrato será voluntaria e non penalizará a súa renuncia por parte das persoas aspirantes cualificadas como aptas.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse, nos termos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Sanidade no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación.

9. Normas Xerais

A publicación da presente convocatoria e as resolucións que se ditén na tramitación deste procedemento realizaranse na páxina web do Servizo Galego de Saúde e nos taboleiros de anuncios de todas as áreas sanitarias.

Asinado dixitalmente

A secretaria xeral técnica

Natalia Lobato Mosquera

